

Ano de don Xosé María

Manuel Bragado

Este 2008 a sociedade galega homenaxeará a Xosé María Álvarez Blázquez. A celebración deste 17 de maio promete ser brillantísima, xa que a figura humana e literaria deste grande polígrafo humanista permitirá un achegamento á realidade cultural galega dende aqueles tempos de entusiasmo da República, pasando polos anos difíciles da represión e da resistencia cultural e política durante o longo franquismo, até chegar ás ilusións renovadas nos primeiros anos da Reforma Política.

Un ano, ademais, que debe permitir un recoñecemento definitivo da figura total de don Xosé María: o inesquecible editor de edicións Monterrey e edicións Castrelos (a semente da nosa edición actual); o libreiro da almoneda de Pi e Margall; o autor de poemarios fulcrais da nosa poesía contemporánea de tradición popularista como “Canle segredo” ou “Roseira do teu mencer” ou de tradición neotrobadorista como “Cancioeiro de Monfero” ou de pezas narrativas como “Os ruíns” e “A pega rabilonga e outras historias de tesouros”; o biógrafo de Alenxandre Bóveda; o investigador e divulgador da nosa poesía medieval (autor da grande “Escolma poesía galega medieval”, publicada por Galaxia, editora da que tamén foi un dos seus fundadores) e das fontes da prosa da Idade Moderna (obra magna e moi querida por el, que non puido ver rematada); o historiador, arqueólogo e etnógrafo, o coleccionista, o conferenciante, o xornalista radiofónico, o divulgador da historia local viguesa nas páxinas de “Faro de Vigo”, o académico ou o profesor da Escola Náutico-pesqueira lembrado con agarimo por xeracións dos seus alumnos vigueses. Mais, a pesar destas múltiples dimensións profesionais, este ano dedicado a don Xosé María Álvarez Blázquez debe supoñer, sobre todo, o recoñecemento da súa figura humana, da súa coraxe moral, do seu carácter de resistente activo e diverso que soubo afrontar en posición sempre positiva e co maior ánimo un tempo de miseria moral que lle deparou non poucas dificultades e penurias.

Particular importancia terá o “Ano Álvarez Blázquez” para a cidade de Vigo que, por fin, gozará da oportunidade de recoñecer como ben o merece a quen foi o maior estudoso da súa historia e o seu “Cronista Oficial”, durante o período final da súa vida, dende o 30 de decembro de 1976 até o seu pasamento o día 2 de marzo de 1985. Vigo e os vigueses teñen unha débeda pendente con quen ao longo de todo o ano 1959 desenvolveu nas páxinas de “Faro de Vigo” a proeza de escribir, empregando a forma de efemérides e baixo o título xeral de “Calendario histórico de Vigo”, o que constitúe até agora a máis importante obra da nosa historia local. Colaboracións xornalísticas, escritas cunha prosa vibrante e elegante, que Xosé María rearmou o ano seguinte en forma dun groso libro de case seiscentas páxinas, a quen lle daría o título principal de “La ciudad y los días”, enfeitado cunha cuberta serigrafada realizada no obradoiro da Serigrafía Gallega do seu irmán Álvaro. Unha obra extraordinaria, na que Xosé María vai debuxando a modiño co seu trazo potente de investigador documental rigoroso un impresionante fresco histórico de Vigo, desde o burgo de pescadores da Idade Media que foi -no que xa brillaba a luz de poetas universais como Martín Codax e Meendiño-, pasando polo carácter de porto corsario que abrigou no século XVIII, ao empuxe da abella ribeira que a convertiu na cidade portuaria e industrial punxente que agora somos. Este canto de amor a nosa cidade foi reeditado en edición facsímile en 1986, polo concello de Vigo, con motivo do primeiro cabodano do pasamento do autor, e será editado en galego nesta primavera. Ademais, Xosé María é o autor principal de “Vigo en su historia”, outra alfaia da nosa historia local, un groso volume de seiscentas cincuenta páxinas, publicado no mes de decembro de 1979 pola Caixa de Aforros Municipal de Vigo. Unha formidable obra colectiva, na que Xosé María se ocupou da coordinación, da dirección da edición e de máis da metade dos textos do seu contido.

Vigo e os vigueses deben recoñecer tamén a Xosé María polo seu espléndido traballo como “Comisario de Escavacións Arqueolóxicas”, tarefa que asumiu de forma altruísta dende 1953, ano no que baixo a súa dirección se realizaron os levantamentos na rúa Pontevedra que permitiron o descomunal achado dunha decena de estelas funerarias romanas, así como doutras moitas pezas nas escavacións que dirixiu na illa de Toralla e no monte do Castro, hoxe alfaias primeiras da sala de arqueoloxía do Museo de Castrelos, institución na que dende 1981 foi xefe do departamento de “Historia de Vigo e da súa comarca”.

Este “Ano Álvarez Blázquez” é unha magnífica oportunidade para poñer en valor todo este traballo hercúleo de don Xosé María. Concello e institucións viguesas deberían telo en conta.

bretemas@gmail.com

Archived in [Clubs de lectura](#) | [Trackback](#) | [del.icio.us](#) | [Top Of Page](#)

Feedback

You must be [logged in](#) to post a comment.

[top](#)